



**UNHA PRIMEIRA
OLLADA A
ALIMENTACIÓN
SOSTIBLE EN
FERROLTERRA,
EUME E ORTEGAL.
DOCUMENTO DE
TRABALLO**

seitura 
FERROL · EUME · ORTEGAL · MIÑO · VILARMAIOR

fundación **entretantos** 

Editan/ **Fundación Entretantos e Seitura 22**

Autora/ **Nuria Alonso Leal _ Fundación Entretantos**

Revisión lingüística/ **Vanesa Varela Espiñeira**

Imaxes/ **Seitura 22**

Maquetación/ **Javier García _ Fundación Entretantos**

Para efectos bibliográficos, este documento debe citarse do seguinte xeito:

Alonso Leal, N. (2023) Unha primeira ollada á alimentación sostible en Ferrolterra, Eume e Ortegá. Documento de traballo. Fundación Entretantos e Seitura 22.

UNHA PRIMEIRA OLLADA A ALIMENTACIÓN SOSTIBLE EN FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL. DOCUMENTO DE TRABALLO

CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN. DE ONDE SAE ISTO E ATA ONDE CHEGA	7
2. ALGUNHAS CONSIDERACIÓN XERAIS PREVIAS	8
2.1 FONTES DE INFORMACIÓN_METODOLOXÍA.....	8
2.2 O SISTEMAS ALIMENTARIOS SOSTIBLES, UN CONCEPTO XA ABORDADO DENTRO DE SEITURA 22 E COMPARTIDO CARA AFÓRA	8
3. PROXECTOS CHAVE	14
4. INICIATIVAS CONVERXENTES	22
5. ACTORES CHAVE	24
5.1 ENTIDADES AGLUTINADORAS DE SECTOR PRIMARIO	24
5.2 OUTRAS	26
5.3 ALGUNHAS INICIATIVAS PRIVADAS DE INTERESE.....	26
6. PERCEPCIÓN DOS DISTINTOS ESLABÓNS DA CADEA ALIMENTARIA EN PRO DUN SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL	28
6.1 ALGUNHAS PERCEPCIÓNS XERAIS E DAFOS XERAIS PARTICIPADAS.....	28
6.2 SOBRE O SECTOR PRODUTIVO	29
6.3 ACOMPAÑAMENTO	30
6.4 COMERCIALIZACIÓN.....	30
7. TRAZANDO CAMIÑOS...	32
ANEXO I: SESIÓN DE MENTORING DE TERRALIMENTA.....	37
ANEXO II: DIRECTORIO DE EMPRESAS QUE ELABORAN PRODUTOS DO CRAEGA	38
ANEXO III: DAFOS.....	39

1. INTRODUCCIÓN. DE ONDE SAE ISTO E ATA ONDE CHEGA

A asociación Seitura 22 creouse no ano 2016, sen embargo, o desenvolvemento de actuacións no eido agroalimentario no seu territorio de actuación vén de longo, especialmente no sector produtivo. Son moitos os pulos, públicos e privados, que veñen dando forma ao sector agroalimentario das comarcas do Eume, Ferrolterra e Ortegal, ademais dos Concellos de Miño e Vilarmajor, ás veces de forma coordinada e parella, e outras sen demasiada comunicación ou estabilidade no tempo. En calquera caso, todos eles son valiosas, con pegada no territorio e susceptibles de ser consideradas á hora de argallar outro modelo de produción e consumo de alimentos no ámbito de actuación de Seitura 22 sen deixar fóra ningún impulso proveniente desta terra.

E así, é agora no 2023, nun contexto de crise sistémica e dunha vocación de relocalización da alimentación e do fortalecemento do sector agroecolóxico local, onde nace a necesidade de coñecer e recoñecer todas estas iniciativas no seu conxunto, identificando as forzas naturais, humanas e materiais, así como os espazos baleiros, as necesidades e, sobre todo, o potencial das sinerxías, para poder valorar unha estratexia de conxunto que facilite un modelo alimentario acorde cos tempos, coas urxencias e coas necesidades máis inmediatas e a longo prazo na busca dunha transición socioecolóxica que abra un espazo para a esperanza.

Dende outubro a decembro de 2022, a Fundación Entretantos, vén desenvolvendo un rol de escoita e aglomeración de información sobre o alimentario e sostible no ámbito de actuación de Seitura 22 co obxectivo de xerar unha visión global sobre cales son as forzas, as sinerxías e os retos aínda pendentes para poder considerar unha acción de conxunto que xere oportunidades de avanzar cara a un sistema alimentario local sostible, saudable e relocalizado.

2. ALGUNHAS CONSIDERACIÓN XERAIS PREVIAS

2.1 FONTES DE INFORMACIÓN_METODOLOXÍA

O interese deste traballo é identificar, non tanto a nivel obxectivo as persoas e iniciativas que existen, senón as forzas reais que existen detrás delas para mantelas, melloralas e apoialas institucionalmente. Apórtase por tanto unha **diagnose subxectivada polas xentes véncelladas ao sector agroalimentario**, información sobre:

- ▶ A percepción de axentes sobre o sector
- ▶ Iniciativas existentes no territorio
- ▶ Axentes chave

É por iso que o fundamento do contido está **baseado no relato ofrecido polas persoas e entidades entrevistadas**, que inclúe a representantes de Euroeume, Casa do Mel, A Cortiña, Ecotenda 78, Monte Forgoselo, Cooperativa do Val, Xeoparque Cabo Ortegal, Cooperativa Agroflor, Campo Capela e Seitura 22, así como as reunións colectivas mantidas con axentes do sector agroalimentario para elaborar unha DAFO sobre o ámbito e outras entrevistas a título particular a gandeiros, agricultores ou expertos en micoloxía.

- ▶ **É por tanto necesario insistir en que a información recollida limitase á ofrecida polas persoas entrevistadas, non á percepción da autora.**

2.2 OS SISTEMAS ALIMENTARIOS SOSTIBLES, UN CONCEPTO XA ABORDADO DENTRO DE SEITURA 22 E COMPARTIDO CARA AFÓRA

Como se sinala na introdución, Seitura 22 conta con un longo percorrido de traballo no sector alimentario local cunha perspectiva agrocolóxica, tanto impulsando e apoiando iniciativas de seu, como en alianza con outras entidades, tanto a través de proxectos de cooperación como doutras fórmulas de colaboración (convénios, etc.).

2.2.1 ALIANZAS DE SEITURA NO ÁMBITO AGROALIMENTARIO

Seitura 22 está envolta en distintas liñas de cooperación e colaboración que poden ampliar a súa capacidade de actuación e multiplicar o impacto de iniciativas que leva a cabo. Así, xera sinerxías con:

EUROEUME

É unha asociación sen ánimo de lucro, declarada de interese público, que ten por obxecto o desenvolvemento local. Traballan por un desenvolvemento sostible baseado nas potencialidades do territorio que, ademais da dimensión económica, contemple o benestar social e a conservación da natureza. Así, este modelo fundaméntase no aproveitamento respectuoso dos recursos propios da comarca. Euroeume conta na súa asociación cos Concellos da comarca do Eume, inda que o pulo vén sobre todo do artellamento técnico.

 www.euroeume.org

A asociación Euroeume, herdeira do GDR Euroeume, xoga un papel fundamental no impulso, fortalecemento e sostemento de accións en prol dun desenvolvemento agroalimentario na zona. Así, é parceira de Seitura 22 en numerosos proxectos e impulsora de outros tantos que merece a pena destacar e ter en conta:

- ▶ Marca de garantía "Produto do Eume".
- ▶ Programa Enraizadas

- ▶ Socia promotora de Agroalimentaria
- ▶ Programas de sensibilización nos coles para ecocomedores
- ▶ Desenvolvemento de plans de empresa para novas incorporación ao sector agrario

NÔ RURAL

É un proxecto de cooperación entre GDR para o acompañamento da mocidade interesada nas oportunidades das áreas rurais para desenvolver o seu proxecto profesional e persoal.

A través desta rede para animar á incorporación de persoas ao sector primario, fomentase o emprendemento e mellora da empregabilidade, conectando empresas das áreas rurais e o talento da mocidade, mellorando a coordinación e o traballo en rede das administracións públicas, empresas, centros educativos e universidades pola permanencia ou retorno do talento da xuventude. Se ben agora se prevé unha apertura ás posibilidades e instrumentos que ofrece a nova Lei de mobilidade da terra.

🔗 <https://norural.gal/enquisas/>

Dentro das liñas de traballo contéplanse:

- ▶ Financiación -a través do convenio co **Campus Terra da USC**- de **prácticas** dos estudantes de diferentes graos e másteres. Esta actividade pódese desenvolver en empresas, asociacións, institucións ou organismos do ámbito rural.
- ▶ A posibilidade de que os/as estudantes podan realizar os seus Traballos de Fin de Grao ou Fin de Máster (estudos ou proxectos técnicos, estudos de viabilidade ou traballos de investigación) en colaboración cos axentes sociais antes mencionados
- ▶ Relacionar os diferentes axentes que xa están a traballar con emprego, xuventude e sector agrogandeiro, constituíndo unha rede de colaboración a prol da inserción laboral.
- ▶ Identificar un '**Banco de Oportunidades**' para cada un dos territorios ou GDR á disposición dos usuarios do servizo. Explotacións sen relevo, instalacións ociosas, terras, etc.

É desexo de Seitura 2022 centrar esta oportunidade na xuventude da zona. Neste espazo coñeceuse a **RETA**, valorando de alto interese os Espacios Test Agrarios como opción para o territorio.



Igualmente búscase activar dende este proxecto un **espazo de conexión entre propietarias e demandantes de terras** inspirado en **Aterra** na Limia.

TERRALIMENTA

É unha rede de Grupos de Acción Local a nivel estatal impulsada pola **Fundación Daniel e Nina Carasso** que pretende acompañar a aqueles GAL que queiran orientarse cara un novo enfoque de produción de alimentos, a súa comercialización e consumo.

🔗 <https://www.fondationcarasso.org/es/alimentacion-sostenible/convocatoria-terralimenta/>

A participación dende Seitura 22 está representada por:

- ▶ Técnico do GDR (Miguel Teixido, director de Seitura 22)
- ▶ Representante Política (Elena López, Concelleira-delegada especial de Turismo, Consumo, Hostalaría e Comercio de As Pontes)
- ▶ Produtor Xose María García Villaverde, agricultor e gandeiro de San Sadurniño

Ten como obxectivo principal desenvolver aprendizaxes mutuas entre os **GAL participantes**, compartindo experiencias, deseñando follas de ruta comúns que poidan consolidar aos GAL, conectalos entre sí e empoderalos como actores chave.

Deste xeito, ata o de agora, Seitura vén participando do seguinte xeito:

- ▶ Recibindo formación sobre experiencias relacionadas cos SAT - Sistemas Alimentarios Territorializados.
- ▶ Participando en foros de intercambio de experiencias e definición de actividades do proxecto.
- ▶ Sesión de *mentoring* a cargo de Germinando S. Coop. Asisten Miguel Teixido e Nuria Alonso (asistencia técnica da Fundación Entretantos). As principais conclusións teñen que ver con dar resposta ás dificultades para a comercialización en canais curtas.

[Ver Notas en Anexo 1]

ALIMENTOS DA BIOSFERA

É un proxecto de cooperación do programa Leader Galicia coordinado pola **Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos** que busca a mellora no servizo de comedores escolares, promovendo unha alimentación saudable baseada nos alimentos de proximidade, de tempada e ecolóxicos e co asesoramento dunha nutricionista. Participan 8 Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Galicia, entre eles, Seitura 22, tratando de promover os produtos da zona. Foi un impulso fundamental na posta en marcha dos Ecocomedores piloto na zona (*ver apartado 3*).

🔗 [**Proxecto Alimentos da Biosfera. GDR Seitura 22.**](#)

Hai que sinalar que a través deste proxecto foi posible que a empresa **Plant on Demand** habilitara unha web onde facilitar a oferta e demanda entre persoas produtoras e comedores escolares. Sen embargo, obsérvase que para o pouco volume que se pode artellar actualmente no territorio, non resolve demasiado -non sendo así para unha macro infraestruturas como poden ser os comedores de Inditex, que tamén participan neste proxecto a nivel doutro GDR-.

Está en previsión contar cunha plataforma específica para Seitura máis adaptada á súa realidade, pero aínda é preciso madurar máis o proxecto de Ecocomedores para darlle paso.

Convénio con detalles de actuacións **aquí**. Este proxecto desenvolveuse fundamentalmente na anualidade de 2022, se ben se replica no presente 2023, ampliándose a 11 GDR's.

COMPLICIDADES INSTITUCIONAIS

No ámbito de actuación de Seitura 22 desenvólvense actividades que converxen directamente co foco de interese de este informe e que cómpre recoller como elementos para identificar e ter en conta independentemente da envergadura que teñan, xa que cada unha delas é unha semente que pode ter un efecto multiplicador, de inspiración ou, polo menos, sinérxico para fortalecer outros proxectos.

Dende os Concellos sinalados a continuación, desenvólvense algunhas actividades de interese para o obxecto deste informe:

Ferrol

- ▶ Proxecto Dieta Ártabra > Mesa Gastronómica Cidade de Ferrol dentro do proxecto Dieta Ártabra
- ▶ Mercados municipais
- ▶ Mostra de interese na sinatura do **Pacto de Milán**
- ▶ Mostra de interese na incorporación á **Rede de Municipios pola Agroecoloxía**

Pontedeume

- ▶ Mercados e feirón

San Sadurniño

- ▶ **Feira anual da plantación**
- ▶ **Feira anual rural**
- ▶ **Fálame de San Sadurniño**
- ▶ **A Fusquenlla** (ver máis abaixo, no apartado 3)
- ▶ **Horta de demostración e de conservación de froiteiras do país "Carlos Fornos"**
- ▶ Proxecto de comunicación **"Teño unha horta en San Sadurniño"**
- ▶ Proxecto de Horta de Formación

As Pontes

- ▶ Liñas de subvencións para emprendemento e asesoramento da ADL,
- ▶ Mercados:
 - Mercado municipal con proxecto para a convocatoria de mercados sostibles, coworking. Abre de luns a sábado, pendente de saír a concesión os postos e diversificar a oferta.**
 - Feira ambulante o 1 e o 15 de mes, aínda que ten pouca transcendencia.**
 - Feirón dos sábados: produto de proximidade, sobre todo de horta. Buscarase vencellalo ao proxecto de mercados sostibles como referente dinamizador do sector primario.**
- ▶ Feiras con programa de apoio á produción local e primaria
 - Feira do Grelo**
 - Feira de Fungos e Cogomelos**
 - Feira do Mel e do Queixo. Todas elas.**

- ▶ Km 0:
 - ☑ **Os colexios e os centros de maiores están comprometidos coa compra de km0.**
 - ☑ **Todos os caterings que se fan desde o Concello son con empresas e produtos locais.**
 - ☑ **Nas licitacións dos bares de propiedade municipal vai como obrigatoriedade a compra de produtos de calidade de km 0**
- ▶ Estase a traballar coa Casa do Mel, produtores locais e outras entidades para facer realidade un centro de transformación alimentaria que dé saída aos excedentes e cabida a proxectos innovadores que permitan ser máis competitivos.

Mañón

- ▶ Festa do Marisco
- ▶ Mercado de produtos locais
- ▶ Feira do Mel
- ▶ Feira de Produtos locais do Barqueiro
- ▶ Feiras en Granxa Labrada de produtos locais en primavera e outono
- ▶ Membresía na [Asociación de Poldro Galego](#)

Narón

- ▶ Formación e apoio ao emprendemento no agroalimentario
- ▶ Feirón de Santa Icíá, o primeiro domingo de cada mes. Pódese acudir con alimento local como autónomo ou como vénda de excedentes sen dar de alta na SS.
- ▶ Día do sector pesqueiro
- ▶ [Festa Gastronómica do Pemento do Couto](#)
- ▶ [Feira do Mel e dos produtos ecolóxicos](#)
- ▶ [Feira da maquinaria agrícola e as árbores froiteiras](#)
- ▶ Promoción do Pemento do Couto

Ortigueira

- ▶ Festa da Mazá

2.2.2 COMUNICACIÓN

Como se vén sinalando, a sensibilidade da importancia dos sistemas alimentarios sostibles, vén de longo no territorio, e se editaron diferentes materiais destinados á información, divulgación e sensibilización arredor destes.

- ▶ [Guía de Sistemas Alimentarios Sostibles](#)
- ▶ [A nosa Alimentación: guía de actividades para iniciarse nos sistemas alimentarios locais](#)
- ▶ [Consumo responsable e alimentación responsable_folleto](#)
- ▶ [Fálame de San Sadurniño](#)_festival audiovisual
- ▶ [Programa Enraizadas _ vídeos e faladoiro.](#) No 2021 desenvolveuse unha campaña audiovisual, co obxectivo de divulgar proxectos do sector primario da comarca liderados por mulleres e sensibilizar a poboación sobre a importancia de valores coma o consumo de proximidade ou o impacto no territorio. O resultado foron 8 [vídeos](#) con entrevistas

No 2022 celebráronse:

- ▶ Conversas Enraizadas, un ciclo de catro espazos de diálogo entre unha muller do sector primario da zona e un perfil investigador. Dinamizáronse as conversas entre as dúas visións para achegar os seus coñecementos desde as teorías e as prácticas arredor de temas centrais para o ecoloxismo e o feminismo.
- ▶ Obradoiros en cinco centros de ensino na comarca. Están dirixidos ao alumnado de 5º e 6º E.P., e neles traballáse a prol da visibilización e recoñecemento das achegas das mulleres rurais á sociedade
- ▶ Promovido por Euroeume con Fondos da Deputación e Política Social foi dinamizado por **Rexenerando S. Coop e Illa Bufarda.**

Ver **memoria** e **informe** final.



3. PROXECTOS CHAVE

Recóllense a continuación, aquelas iniciativas que se iniciaron no seu momento ou se están a desenvolver no territorio polo seu carácter integrador, catalizador, capacidade de incidencia en distintos eslabóns da cadea agroalimentaria de forma simultánea e que, deste xeito, funcionan como potenciais impulsores en diferentes direccións estratéxicas para o fortalecemento dunha abordaxe da cuestión agroalimentaria cunha perspectiva agroecolóxica.

Monte Forgoselo

É un monte particular de 2000 ha, propiedade de Endesa, inda que existe unha reclamación histórica dos veciños e veciñas. Sen embargo, actualmente existe un usufructo, unha cesión por parte de Endesa que se manterá mentres exista a Asociación de Veciños Monte Forgoselo.

Todo o monte é Rede Natura, está incluído no **LIC Xubia-Castro**. Aproximadamente 600 ha son de piñeiro moi vello plantado polo ICONA onde existe un couto micolóxico. O resto é pradería ou pasto arbustivo.

O funcionamento e gobernanza do espazo guíase polos estatutos, que toman como base os dun monte de man común. Proxéctase dar 'un salto' neste sentido, para poder incorporar outro tipo de socios e socias (persoas que queren apoiar na boa xestión do monte pero non son propietarias nin veciñas), polo que é necesario traballar ben a gobernanza para chegar a este punto.

Algunhas actividades que acolle o monte:

- ▶ Xestión forestal: Desenvolveuse o proxecto piloto "Certificación FSC como ferramenta de xestión forestal sostenible" dado o interese que existe na certificación forestal sostible, e estanse a valorar algunhas actuacións con **Betula**, Asociación para a Custodia do Bosque Atlántico, como a de "abrir o monte".
- ▶ Gando: Hai aproximadamente 270 vacas nais e un cebadoiro con 60-70 becerros. Non todo este gando é xestionado pola asociación, algún ten propiedade privada individual, e isto leva asociadas unhas delimitacións *con claroescuros*, pois se complica certificar todo o gando en ecolóxico cando non hai certeza de que non se alimente de forma convenciónal por parte dalgúns propietarios.

No futuro, preténdese facer a comercialización a través de **Almoga S. Coop** (en Vilalba), xa que actualmente se fai con tratantes.

Cómpre sinalar que no 2022 Monte Forgoselo implicouse a través de Seitura 22 nun proxecto de cooperación de GDR, **Son de Monte**, para analizar, entre outros usos do terreo, o impacto do gando en pastos permanentes para o secuestro de CO².

- ▶ Aproveitamento micolóxico: O monte foi tramitado como **Coto Micolóxico** hai cinco anos a través de Agroalimentaria e Euroeume. Os permisos de aproveitamento concédense **a través da web** con bo éxito. Sen embargo, a xestión é complicada: trátase dun espazo moi grande e non hai recursos para vixilalo a pesar de que se solicita apoio do SEPRONA para os permisos.

Está o reto da transformación (usouse a infraestrutura de Mar de Ardora, pero para rendibilizar o autoclave son necesarios 75 kg mínimo) e a comercialización faise a través de cinco ou seis establecementos "amigos" como o restaurante **Casa Alexo**, que organiza xornadas micolóxicas anualmente.

O Código de Explotación Agraria (CEA) da explotación gandeira, permite a venda directa de setas.

Cabe sinalar que aínda hai máis potencial produtivo do monte: a apicultura ou a madeira. O aproveitamento madeiro está parado pero se lle pode dar rendemento, quizais a través da resina?

O recurso turístico tamén está pendente, inda que hai rutas indicadas.

 <http://www.agroalimentariadoeume.org/agroalimentaria/2009/02/05/aavv-monte-forgose-lo-un-ejemplo-de-desarrollo-sostenible/>

Agroalimentaria do Eume

Agroalimentaria do Eume é unha asociación formada por empresas, cooperativas, agricultores e persoas directamente relacionadas coas actividades de produción e transformación do mundo agrario. Constituída a principios de 2004, traballa na procura de novas fórmulas que permitan potenciar o sector primario do territorio a través da unión das persoas produtoras.

Inda que chegou a aglutinar a mais de 800 socios e socias (persoas produtoras individuais ou colectivizadas), actualmente a estrutura está formada polas entidades máis formais (Euroeume, Cooperativa Campo Capela, Asociación Casa do Mel, Asociación de Veciños Monte Forgoselo) e algún socio individual. Contábase con certo persoal técnico que axudaba a canalizar as ofertas e demandas e apoiaba tamén con outro tipo de trámites (solicitude de subvencións, etc.).

Inicialmente desenvolveuse a actividade de manipulación hortofrutícola en Campolongo, Vilarmaior, sen embargo, a posteriori, non se valorou como a mellor localización, pois debería ter sido un sitio visible e que permitise contar cunha tenda.

Iniciouse unha vénda porta a porta: servíase a un grupo de consumo semanal en Ferrol, Eume e A Coruña, a restaurantes e a centros escolares. Estívose tamén véndendo no mercado da Praza de Lugo da cidade de A Coruña e nunha carnizaría en Xubia, pero estas canles están paradas actualmente.

Agroalimentaria foi rexistrada como entidade de asesoramento agrogandeiro, e ALMOGA S. Coop puido beneficiarse disto (desenvolveu o traballo, o que lle permitiu os seus asociados e asociadas beneficiarse de axudas da PAC, etc.) xa que finalmente segue a prestar servizo como entidade de asesoramento.

Agroalimentaria ten, ademais, unha **tenda on-line**

AS DIFICULTADES

- ✓ Semella que a razón principal ou detonante para o freo de Agroalimentaria foi o local. Houbo problemas co local, non se renovou o contrato de aluguer, e foi necesario parar a actividade; non apareceu outro, e quedou xa parada dende entón. Actualmente estase buscando o espazo axeitado para ter horta, cogomelos, apicultura, transformacións (incluso pratos preparados) e unha obrador de produtos cárnicos. Hai unha finca en negociación en Goente e se está falando cos Concellos para conseguir apoios. Hai unha resposta de interese (especialmente por parte do Concello de As Pontes), pero falta de concreción neses supostos apoios. O escenario de eleccións municipais próximas non facilita moito fixar apoios municipais. Sen embargo, presentouse un proxecto, como **proxecto piloto de alto interese dentro do Plan de Acción 2023-2027 de Seitura 22** que podería dar un empurre a esta necesidade. Así, esta posibilidade pasaría a ser outro elemento chave na comarca (ver no seguinte apartado).
- ✓ Tamén se sinala que parte da debilidade vén de centrarse moito nos frescos, e que isto precisaba dunha moi boa planificación e moita formación e experiencia especializada da que quizais carecía a xente que pasou polo proxecto.
- ✓ Falta un aproveitamento continuado e sostido no tempo, a percepción é que:
 - Nas hortalizas por privado “vaise tirando” pero falta unión, traballar en conxunto. A xente xa ten as súas canles de horta.
 - Nos queixos hai dúbidas co relevo xeracional, non é seguro que as persoas herdeiras continúen co negocio a pequena escala.

- ✓ Ademais, non se conta con recursos privados para asumir os riscos (por exemplo, para un aluguer ou a contratación de persoal). Ata o de agora gran parte do empurre económico proviú de fondos públicos.

☑ AS NECESIDADES

O que manifestan algunhas persoas próximas ou participantes de Agroalimentaria é que:

- ✓ É necesario que a administración habilite infraestructuras para darlle continuidade.
- ✓ É preciso potenciar a transformación no territorio e canalizalo por aquí. É fundamental facer un traballo cos excedentes > de aquí o interese para incorporar un obrador compartido, pero dando tamén formación en comercialización.
- ✓ Falta alguén “que tire do carro” para unirse. Faltarían un par de técnicos para reestruturar o manexo, recursos para soste no tempo a xestión e hai unha necesidade de mobilizar á xente, ter alguén para xestionar e dinamizar.

Con todo isto, a mellora de Agroalimentaria pasaría por:

- ▶ Ter un local
- ▶ A contratación dun técnico para a captación de produto e produtores e a comercialización
- ▶ Unha boa planificación da oferta vs demanda
- ▶ Recoller a mercancía aos produtores
- ▶ Facer reparto

 <https://www.agroalimentariadoeume.org/>

Centro de Comercialización, Distribución e Transformación de produtos locais

Aínda en fase de proxecto, e con todas as incertezas nomeadas no apartado anterior, un centro axeitado para produción e transformación de horta, cogomelos, mel e carne precisaría tamén rehabilitar unha casa vella para ter un punto de vènda, un centro de documentación (existe moita documentación gardada) e oficina.

Hai fondos reservados de Euroeume para este fin, e aportarían tamén os mentados por Seitura 22, a Deputación da Coruña, o Concello de As Pontes, e valórase acudir a subvencións de industrias agrarias da Xunta ou calquera outro tipo de convocatoria que poda facilitar a consecución dos obxectivos.

Proxecto presentado [aquí](#).

Marca de Garantía Produto do Eume

A A.V. Monte Forgoselo (ver apartado previo) buscaba unha diferenciación para a súa carne. Desde a Xunta tratouse de proporcionarlles vencelládoa a Espazos Naturais, pero entre non existir unha política clara ao respecto na propia administración autonómica nin estabilidade na xestión de Espazos Naturais, non foi posible conseguilo. A Asociación Casa do Mel tamén buscaba esa diferenciación para o seu mel.

Así, naceu a marca PRODUTO DO EUME coa finalidade de achegar ao consumidor produtos ou servizos de calidade certificados pola ASOCIACIÓN EUROEUME.

Os elementos diferenciadores da marca son: A produción e distribución a escala local baseada en materias primas locais, produción e manexo tradicional, respecto medioambiental e á paisaxe, así como o fomento do emprego local como elementos de cohesión do territorio constitúen. Así mesmo, e dados os valores naturais do territorio ámbito da marca, aínda que partindo dos produtores locais, busca a certificación ou cumprimento dos requisitos da certificación de “produción ecolóxica”.

É obrigatorio o cumprimento dos Plans de Ordenación de Recursos Naturais e o Plan Reitor de Uso e Xestión dos espazos naturais protexidos nos que se asenten as actividades produtivas amparadas pola marca.

Tamén é condición imprescindible estar adherido ás diferentes D.O.P (Denominacións de Orixe Protexidas) e I.X.P. (Indicacións Xeográficas Protexidas) existentes no ámbito xeográfico da Marca que amparen a tipoloxía do produto que pretenda acollerse a presente Marca como produto galego de calidade.

Euroeume é a propietaria da marca e inclúe a Comarca do Eume e limítrofes que inclúe a 35 Concellos. Fíxose un **convénio coa Deputación para o 2015-2016.**

Regulamento da marca **aquí.**

Actualmente o regulamento soamente está activo para a carne. Houbo unha carnizaría durante tres anos, pero non tivo demasiado movemento e se pechou, manténdose o proxecto por un tempo grazas a hostalaría. Gadisa e Alcampo mostraron interese e venderon a carne co problema principal das dificultades para manter a oferta de produto durante todo o ano, que é o que demandaban estas distribuidoras.

Buscando unha especie de traspaso para o proxecto, xa que as ferramentas básicas e o material de difusión estaban establecidos, pensouse no matadoiro que había no seu momento en Ferrol cun posto no mercado da Magdalena como opción. No seu momento non houbo demasiada resposta, pero parece que si hai demanda da xente consumidora e estase retomando o contacto.

AS DIFICULTADES

- ✓ Implicación dos gandeiros e gandeiras irregular e feble.
- ✓ Custes de local e carnicero/a elevados
- ✓ En superficies como Gadisa exítese un volume mínimo de entrega e ofrécese uns prezos moi axustados.
- ✓ As ofertas que veñen dadas para dar continuidade á comercialización da carne é a través de tratantes, e é algo que quere evitarse.
- ✓ O mel ten problemas cos pregos da IXP (en Galicia precisa un obrador exclusivo) e isto condiciona a obtención da marca

 <https://agroalimentariadoeume.org/euroeume/produtodoeume/es/>

A Fusquenlla_Obradoiro compartido

_Concellos de San Sadurniño, Moeche, Valdoviño, Cerdido

A Fusquenlla é un centro de apoio ao desenvolvemento rural orientado á transformación alimentaria de produtos do agro. Trátase dun espazo para a elaboración de conservas vexetais de horta e froita, cogomelos, zumes, marmeladas, mel, etc.

As pequenas explotacións e particulares da provincia poden procesar aquí as súas colleitas, xa sexa para autoconsumo ou para dar saída aos excedentes. Desta maneira contribúese a complementar as economías familiares e a xerar oportunidades de desenvolvemento no territorio.

A Fusquenlla é un proxecto dos Concellos de Cerdido, Moeche, San Sadurniño e Valdoviño con axuda do Programa Leader-Seitura 22, da Deputación da Coruña e da Consellaría do Medio Rural. Está fisicamente en Moeche -por oportunidade e reciclaxe- inda que foi impulsado en primeiro lugar por San Sadurniño, despois sumáronse Cerdido e Valdoviño.

O centro depende da Concellería de Participación Social do Concello de San Saduniño. A persoa de contacto é o técnico de desenvolvemento rural do Concello e foi inspirado no Obrador [Daquí Darredor](#) do Concello de Brión co que colaboran estreitamente para seguir o seu camiño.

Actualmente está no camiño de activación. O que se fixo sobre todo é **formación** (xa hai 32 persoas formadas e están previstas máis), xornadas para coñecer experiencias e comezou certo uso "en probas".

Inicialmente estivo contratado un labrego da zona (ademais parte da asociación A Cortiña e o SLG) para dinamizalo, coa idea de incorporar posteriormente un posto mais estable de xestión, pero isto aínda non pasou nin está a ser asumido polos Concellos. Existe unha liña de traballo de acompañamento pero inda en proceso de xestión/apertura.

Estase buscando a organización interna. Valorouse a posibilidade de facer unha asociación de usuarios e facer unha cesión de uso mediante un convénio cos Concellos, inda que actualmente o proceso está encamiñado máis á inclusión das persoas usuarias na Agroalimentaria constituindo unha sección dentro desa entidade.

Nova e nova.

AS DIFICULTADES

- ✓ No territorio non hai sector como para abastecelo. Ademais, a xente que transforma o leva fóra.
- ✓ Non se fixo un plan de xestión.
- ✓ Percíbese certa desinformación sobre o itinerario de uso, un mecanismo claro de lista de espera, etc.
- ✓ Hai máis demanda de formación da oferta da que se pode prover actualmente

AS NECESIDADES

- ✓ Un plan de xestión.
- ✓ Un plan de estruturación interna.
- ✓ Máis axilidade e frecuencia na formación, dependente de fondos externos para ser desenvolta e non permitindo formar a máis de 30 persoas ao ano.
- ✓ Dotación de equipamento do centro (autoclave, envasadora baleiro, abatidor, etiquetadora, utillaxe, ...)

Ecocomedores

O proxecto busca unha mellora no servizo dos comedores escolares, a través dunha alimentación saudable, baseada nos seguintes valores fundamentais; incluír alimentos de tempada, de proximidade e, sempre que sexa posible, ecolóxicos.

A finalidade principal é a mellora da calidade dos menús escolares a través dunha educación alimentaria tanto dende o comedor escolar, como en todo o ámbito educativo. Porén, tamén se busca fomentar o contacto cos produtores da zona para unha mellora no desenvolvemento rural. Así como, en liñas xerais, axudar á mitigación do cambio climático.

Pode ser unha panca para a agroecoloxía, para a produción comercialización-consumo de proximidade. E é nesta que se basea a proposta nutricional (menús).

Houbo un intento para participar no proxecto de Justicia Alimentaria [Alimentación](#) e, de feito, fíxose un curso de formación así como unha unidade didáctica posteriormente, cun curso valorado moi positivamente, pero había dificultade para cubrir quorum. Ademais, non hai delegación galega de JA e era difícil de soste.

+ info [aquí](#)

Centros que participan:

- ▶ **CEIP Eladia Mariño**_Cabanas_Implicados o Concello, que propón facer cambios no programa de madrugadorxs, e a ANPA.

Obradoiro de alimentación sostible e saudable no comedor escolar, organizada por Seitura 22, Euroeume e o Concello de Cabanas dirixido a persoal de cociña, empresa que o xestiona, monitores de actividades do comedor e persoas da comunidade educativa. Nel se traballaron aspectos como o proxecto EcoComedores, a lexislación actual, alimentación saudable desde a infancia, menús saudábeis e sostíbeis no comedor escolar e almozos saudábeis no centro escolar desenvolto por **Simbiosis S. Coop. Galega**_novembro 2022

Días de menús exclusivamente locais, dentro do proxecto "**Alimentos da Biosfera**" en **Xuño** e en decembro con recursos de Seitura, ámbalas dúas en 2022

- ▶ **CEIP Francisco López Estrada**_O Barqueiro, Mañón

Menús exclusivamente locais, dentro do proxecto de Seitura 22 en **decembro** de 2022.

- ▶ **CPI Atios**_Valdoviño, que dá **recomendacións para merendas saudables** e participa noutras actividades de Ecocomedores que, polo momento, son:

Menús exclusivamente locais, dentro do proxecto "**Alimentos da Biosfera**" en **xuño** e novamente en **decembro** de 2022.

- ▶ **CEIP José María Lage**_Ortigueira

Xornada sobre nutrición en primavera de 2022

Menús exclusivamente locais, días de decembro de 2022.

Neste 2023 desenvolverase novamente o proxecto nos centros anteriores, ampliándose a

- ▶ **Escola infantil municipal A Barosa**_As Pontes. Farase unha proba piloto para maio de 2023 (pendente poñer data), para iso hai que falar coa nutricionista previamente e organizalo.
- ▶ **CEIP da Barqueira**_ **Cerdido**.

Actualmente será **Nutricoles** quen faga a asistencia.

AS DIFICULTADES

- ✓ O principal problema para desenvolver un proxecto máis ambicioso é a falta de volume e regularidade por parte da produción. Máis aló das evidentes dificultades loxísticas para facer solicitude e achegar produto, se quere favorecer a realidade local, que está baseada en pequenos produtores.



- ✓ O sector produtivo tamén sinala os prezos limitados pola Xunta como un limitante para introducirse, pois os orzamentos anuais cos que contan os comedores con cociña requiren de planificación e axuste ao dispoñible.
- ✓ Tamén a suba de consumo dende os centros precisamente en inverno con menos produción, é unha dificultade engadida.
- ✓ No colexio CEIP A Magdalena, os produtores e produtoras locais consideran que hai demasiado alumnado para abastecer axeitadamente, e propón que quizás sería máis axeitado dirixir os esforzos á **Escola Infantil A Barosa**, cun alumnado aproximado de 60 persoas.
- ✓ Os requisitos sanitarios e a solicitude de 4 gama, dificulta moito o acceso a pequenos produtores, non teñen infraestrutura para elo.
- ✓ En xeral, as propostas tecnolóxicas para conectar a oferta e demanda quedan sobredimensionadas para a situación do territorio de Seitura 22.

AS NECESIDADES

- ✓ Reforzar o ámbito pedagóxico para persoal e alumnado.
- ✓ Solicítase a incorporación de cláusulas que dirixan a comprar produto local, e facer seguimento do mesmo. Isto precisa de planificación, ver o orzamento para valorar a viabilidade, etc.
- ✓ É preciso ver o que hai, e de aí ver o que se pode abastecer e consumir.
- ✓ Hai un traballo pendente cos caterings.

Marketplace, Seitura Froitos da Terra, “Produtos das Comarcas de Ferrolterra, Ortegal e Eume”

Seitura “Garantía da terra”, como Marketplace, pretende sumar esforzos a partir de produtos con tradición e historia, elaborados por produtores “con nome e apelidos”. Significa apoiar e cooperar cos pequenos produtores, poñéndolle cara e lugar de orixe aos alimentos que consumimos. Comprende unha representación das principais producións do mesmo; cultivos hortícolas de temporada ou plantas aromáticas, transformados vexetais, lácteos, produtos de apicultura ou repostaría.

É resultado dunha convocatoria da Consellería de Economía. Inda que é de Seitura, outras entidades como Euroeume animan aos socios a incorporarse.

AS NECESIDADES

Precisa de comunicación, dunha persoa *community manager*.

Mercados, grupos de consumo e pequeno comercio

Os tradicionais “feiróns” vanse perdendo, e perden forte no fresco local.

No mercado de Recimil de Ferrol inda hai postos de locais e certo plan de traballo a cargo de MOP Consulting..

O pequeno comercio un pouco especializado céntrase nalgunhas tendas exclusivas de produto ecolóxico e local:

- ▶ **Vacalouras** no mercado de Pontedeume
- ▶ **Tenda Gourmet de Campo Capela** en Pontedeume e no Mercado.
- ▶ **Ecotenda 78** en Ferrol
- ▶ **La tienda de Erika** en Ferrol

O pequeno comercio potencial, parece pouco interesado. Busca prezos baixos e non aprecia a diferenza.

Os grupos de consumo non existen xa. Os que hai están a nivel informal arredor de produtoras, algunha incluso tivo tenda.

Houbo un grupo de consumo moi potente durante 10 anos na comarca: A Xoaniña. Esta era unha cooperativa de consumidoras con 4-5 postos de traballo. Esta fórmula viuse que non era a idónea aquí (viña inspirada por [Árbore](#) en Vigo). Deuse a situación de haber intereses contrapostos e tensións entre as produtoras-consumidoras e as consumidoras e traballadoras. Ademais, considérase que non existían os coñecementos necesarios.

Tendas on-line: Asociadas a Ecotenda 78, Seitura 22, Agroalimentaria do Eume

AS DIFICULTADES

- ✓ Grandes superficies como Gadis, Eroski e Alcampo tamén comercializan produto local competindo con estes espazos máis pequenos.
- ✓ Non existe unha cultura de produto no pequeno comercio, hai unha cultura de prezo contraria, pois búscase sobre todo o máis barato.
- ✓ Hai descoñecemento do ecolóxico e do que supón.

Hostalaría

Se ben non existe unha estrutura formal nin traballo en rede no espazo da hostalaría, compre sinalar, polo seu potencial, a existencia de establecementos “cómplices” que funcionan como canles de saída para a pequena produción:

- ▶ En Ferrol-Narón os restaurantes Casa Alexo, A Maruxaina, O Camiño do Inglés, Bacelo, Oh Carallo 29.
- ▶ En Pontedeume os restaurantes O trintaedous e Autga Autóctonas

Estímase que a clientela si está disposta a pagar máis por produto local de calidade, hai marxe.

É necesario traballar coa estacionalidade, un reto.

AS DIFICULTADES

- ✓ Detéctase a necesidade de ter unha distribución centralizada (como a que podería proporcionar Agroalimentaria).
- ✓ Dificultade en acceso a carne local extensiva.
- ✓ Non existe unha cultura na hostalaría de ver a rendibilidade e a importancia de investir no local. Mírase a inversión inmediata, a diferenza de prezo inmediata sen ver o atractivo que ten para a clientela este tipo de inversión.
- ✓ A temporalidade dos cogomelos é un limitante na zona.

OPORTUNIDADES

- ✓ Campañas (A campaña de [Ecodes Hostalaría #PorElClima](#) podería ser un elemento aglutinador e revulsivo para comezar a tomar conciencia e posicionamento no sector)
- ✓ Buscar ao cliente. Encaixar con varios perfís e, en base a iso, deseñar os menús e elixir os produtos.
- ✓ Apoiarse na Escola de Hostalaría
- ✓ Xornadas para hostalaría, presentando produtos e posibilidades. Proporcionar axudas aos participantes en temas loxísticos, etc.

4. INICIATIVAS CONVERXENTES

Fundación Juana de Vega

A fundación desenvolve varias iniciativas que poderían converxer e complementar moitos dos intereses de fortalecemento do sector agroalimentario local que ten Seitura 22:

- ▶ **Programa de apoio a empresas agroalimentarias.** Acompaña de inicio a fin. Definición de plan de negocio e fase de posta en funcionamento (suponse que a parte produtiva xa se trae resolta, non hai formación nese sentido).
Hai observacións externas á necesidade de ser liderada a formación por persoas metidas na actividade.
- ▶ **Polos de emprendemento para o apoio ao emprego.** Coordina este proxecto e o polo precisamente da zona de Ferrol onde hai dúas axentes que a través de titorías e outras ferramentas aplican unha metodoloxía de acompañamento ás persoas emprendedoras ao seu ritmo. Isto podería aplicar a emprendemento agrocolóxico. A fortaleza deste programa e o apoio á viabilidade de negocio. Sen embargo, non hai un acompañamento técnico *per se*. As cuestións máis concretas derívanse a “titores especialistas” (estase creando unha rede neste eido) e a “mentores voluntarios” pero máis pensado ao modelo de negocio, non a técnicas específicas de desenvolvemento da actividade.
- ▶ Recuperación de variedades autóctonas a través de distintos programas
- ▶ **Divulgación da PAC**
- ▶ **Formación semipresencial sobre canles curtas de comercialización**
- ▶ **Grupo Operativo “Go Terractiva”:** A súa finalidade é estudar os chamados “novos incorporados” nas actividades agrarias, ben como emprendedores ou por conta allea, é dicir, persoas non procedentes do ámbito agrario ou nin sequera do medio rural, que opten por incorporarse profesionalmente á empresa agraria. A finalidade é identificar as ferramentas coas que contan á hora de emprender.
- ▶ Plan Integral para la Recuperación, Dinamización y Valorización integral del área Sur-Oriental de Ourense no marco do convénio promovido pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia

Unha ferramenta de interese que está traballando a Fundación son os polígonos agroforestais en Monterrei. AGADER fixo un estudio de propiedades e, aproximadamente, o 70% das persoas propietarias estaría de acordo en facelo para alugar a distintos promotores. Defínese un uso prioritario en función da capacidade e “cultura” da terra.

🔗 <https://juanadevega.org/es/>

Mesa Gastronómica Cidade de Ferrol dentro do proxecto Dieta Ártabra

No 2021 (xaneiro) o Concello de Ferrol deseñou un **Plan Estratégico da Dieta Ártabra** co que se marca o obxectivo de converter a Ferrol nun destino turístico líder en gastronomía sostible e saudable, buscando vincular a cidade a unha identidade culinaria, aproveitando o enorme potencial dos produtos gastronómicos elaborados na zona e dos profesionais do sector. A consultora MDP Consulting era a encargada de desenvolver este plan.

En setembro do mesmo ano foi beneficiario de axudas do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) que xestiona o GALP (Grupo de Acción Local de Pesca) por valor de 81.191 euros para desenvolver algunhas das accións. Esta axuda perdeuse.

O proxecto ten varias accións previstas que poderían ser de alto interese para o traballo que parece necesario no sector produtivo como: Obradoiros véncellados a produtos locais con receitas tradicionais, medidas para contri-

buir á recuperación das tradicións culinarias locais a través da educación, o deseño dunha guía gastronómica e o fomento da produción da ría de Ferrol e os produtos do mar

☑ OPORTUNIDADES

Para o seguimento deste Plan **creouse unha mesa específica** que, inda que soamente houbo unha reunión e quedou parada, é nomeada por varias persoas entrevistadas como de alto interese na conformación e os obxectivos para poder continuar un traballo a prol dun sistema alimentario local e sostible independentemente de que dependa do proxecto Dieta Ártabra ou non, pero aproveitar o esforzo de constituíla para darlle continuidade e contido.

Mais [info](#).

Xeoparque Cabo Ortegal

A asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal está composta por sete Concellos (Cedeira, Ortigueira, Cariño, Valdoviño, Moeche, Cerdido e San Sadurniño) e a Mancomunidade Concellos da Comarca de Ferrol.

A Deputación da Coruña fixo unha aposta importante aportando 500.000 euros. A primeira candidatura non saíu adiante porque non había unha estrutura sólida e clara a excepción dos alcaldes altamente ilusionados. Actualmente, a dirección técnica do xeoparque é levada a cabo por unha empresa de turismo, **Goodlife Factory SL** e a aprobación da candidatura é xa case unha realidade.

Por outra parte, o Xeoparque conta co que nomean “entidades amigas”, que son basicamente as asociacións dos Concellos que baixo un protocolo de adhesión poidan formar parte da vida do XeoParque. Hai 20. No futuro tamén haberá adhesións de empresas.

A gobernanza está baseada na asociación de Concellos, que son quen toman as decisións, inda que poden participar todas as entidades adheridas e unhas mesas temáticas máis estables que esperan crearse no futuro. O Foro de Participación está constituído polo Comité Científico (especialistas en xeografía, xeoloxía, bioloxía, divulgación, etc.) e as entidades amigas.

- ▶ O Xeoparque acóllese ao programa **GeoFood** que traballa por potenciar os alimentos locais sostibles procedentes dun territorio xeolóxico único. É a marca oficial de alimentos producidos nun Xeoparque Mundial da UNESCO.

Máis información: [aquí](#), [aquí](#) e [manifesto](#)

O itinerario que proxecta o Xeoparque Cabo Ortegal é contar con establecementos coa marca que vendan produtos gandeiros, etc., da zona cumprindo certos requisitos para os que logo se establecerán auditorías que poidan otorgarlles a marca de calidade. O obxectivo é dar visibilidade ao sector primario.

O Xeoparque sería quen certificase e promocionase a través da web.

☑ OPORTUNIDADES

- ✓ É interesante o potencial da rede de colaboración e cooperación que pode traer baixo un mesmo paraugas (incluso a nivel de marca)
- ✓ Dentro do Plan de sostibilidade turística en xeoparques poderíase véncellar o gastronómico co local.

 <https://proxecto.xeoparquecabortegal.gal/es/>

5. ACTORES CHAVE

5.1 ENTIDADES AGLUTINADORAS DE SECTOR PRIMARIO

Ademais das entidades xa descritas no apartado 3. *Proxectos Chave*, Monte Forgoselo e Agroalimentaria do Eume, apórtanse as seguintes:

Casa do Mel

A asociación foi creada hai 24 anos con grupos de pequenos apicultores. Despois, grazas aos fondos LEADER e ao Concello das Pontes creouse A Casa do Mel. Ten aproximadamente 500 socios e socias (dobráronse durante a pandemia, o que fai que sexa vista como unha oportunidade) de toda Galicia. É a terceira ou cuarta asociación en Galicia en número de persoas asociadas.

Unha das labores máis importantes da Casa do Mel a nivel sanitario é o reciclado de cera e a formación e asesoramento dos apicultores a través dos seus técnicos, así como a protección e selección da abella autóctona.

Considerase fundamental a comercialización do excedente a nivel local, tarefa que reforzan coas súas instalacións. Dan servizo a quen non ten medios de extraer e envasar o mel con un rexistro sanitario.

A entidade quere seguir como asociación levando tarefas de xestión de axudas, divulgación, formación, etc., e separar a actividade económica a través doutra figura (unha cooperativa).

Teñen problemas de espazo para comprar cantidade e aforrar, precisan poder almacenar. Proxectan comprar un terreo e ter un espazo para formación, catas, oficinas, tenda... e pensar en Agroalimentaria para poder coordinar a entrega dos distintos produtores. A distribución do mel é unha carga e debería facerse en conxunto con outros produtos.

Hai un convénio co Concello de San Sadurniño para ter un apiario didáctico e un borrador de convénio co Concello de Moeche, no que se recolle que unha parte do mel se levaría ao centro de transformación (extracción e envasado) para logo dar servizo por zonas.

A Casa do Mel xoga coa posibilidade de ter tres ou catro espazos distintos para poder adaptarse ás distintas condicións de etiquetaxe (cumprir con Mel de Galicia e por outra banda con ecolóxico). Esta estrutura facilitaría dar servizo aos apicultores por zonas.

Teñen unha marca, 'Produto do Eume', que proporcionou Euroeume, pero para legalizala hai que estar na IXP Mel de Galicia. Isto é inasumible para os pequenos produtores, de aí que sexan necesarios varios locais. A idea é que cando conten con dous rexistros sanitarios (un de Moeche > San Sadurniño, do centro de transformación, e outro da Casa do Mel) un se dea de alta na IXP e a outro quede como Casa do Mel para dar servizo os de fóra da IXP (pequenos produtores). Parécelles desexable potenciar unha marca mellor que moitas.

Dende a Casa do Mel promóciónanse os meles locais por medio de degustacións e catas a os seus visitantes: escolares, asociacións de veciños, amas de casa, etc.

Este centro esta aberto ao público en xeral sábados e domingos de 16 a 21 horas. Durante a semana as visitas son posibles con cita previa.

 <http://www.casadomel.es/>

Asociación Agroecológica A Cortiña_San Sadurniño e Neda

Naceu grazas ao impulso de A Xoaniña S. Coop. Galega, unha cooperativa de consumo responsable nada en 2005 e desaparecida dez anos despois.

Actualmente desenvolve actividades de sensibilización e divulgación, pero non é un espazo que artelle as persoas produtoras na actividade a ningún nivel.

Vén organizando anualmente:

- ▶ Feira de plantación (última quenda de abril)
- ▶ Outono agroecolóxico (paralizado pola pandemia, pero con intencións de ser reactivada)

🔗 <https://www.facebook.com/profile.php?id=100068289668268>

Asociación Galega Froita autóctona do Eume (AGFA).

Realizan actividades de sensibilización e formación.

- ▶ [Horta de demostración e de conservación de froiteiras do país "Carlos Fornos"](#)

Non se percibe necesidade (e capacidade?) de comercializar en conxunto.

🔗 <http://agfadoeume.blogspot.com/>

Cooperativa do Val

É unha cooperativa de consumidoras e usuarias que funciona como unha empresa multiservizo e unha importante obra social.

Contan ademais cuns viveiros propios, que son a parte máis feble pero que están remontando coa sección de horta.

Comercializan a través dos seus supermercados propios, onde vén den todo tipo de produtos e procedencias e os propios.

🔗 <https://cooperativaoval.com/es/>

Cooperativa Campo Capela

A Cooperativa reúne a 33 pequenos produtores de leite, cunha media de 15 vacas que son criadas en réxime semi-extensivo nos prados que rodean á cooperativa. Ademais do requexo, que é o produto estrela do selo Campo Capela, prodúcese queixo fresco, tenro, semicurado e curado, así como nata e manteiga.

Unha cuarta parte do leite que se comercializa a través da cooperativa Campo Capela queda nas súas propias instalacións, para a produción do requexo, os queixos e o resto de lácteos da marca.

Hai 4 grandes gandeirías e máis de 30 pequenas. Pertencen a As Pontes, A Capela, San Sadurniño, Mugar dos e Cabanas.

O produto sae moi ben, tanto o queixo como o leite. Actualmente o prezo do leite subiu tanto que o valor engadido do queixo non se reflicte tanto economicamente. O volume de venda na tenda propia é moi pequeno en relación ao resto de vendas da tenda. Tiveron apoio do GDR para comercializar.

Atravesa un momento crítico por unha mala xestión pasada, e arrastran unha débeda que están tratando de paliar. Agora están centrados en reorganizar o cadro de persoal e en garantir a calidade das entregas para o queixo.

Sobre o uso de marcas, como a de 'Produto do Eume' considérase de interese para comercializar fóra de Galicia, pero non é unha prioridade actualmente. Considérase que as marcas non dan o prestixio que merecerían.

Sobre o futuro do sector, non hai medo, pero si realidade de que desaparecerán os pequenos produtores.

 <https://www.campocapela.com/?lang=gl>

Cooperativa Agroflor

Creouse no 85 a partir de varios produtores de flor do entorno con pequenos invernadoiros. Adícanse fundamentalmente a flor cortada e planta ornamental.

Chegaron a agrupar ata 100 persoas socias na época da reconversión industrial dos estaleiros. Sen embargo, por falta de relevo xeracional e a recolocación de traballadores nos estaleiros, esta cifra descendeu ata 25-30 socios.

Dende hai 5 anos comezouse unha sección de horta a partir do peche desta sección na Cooperativa do Val e a solicitude de tres socios. Tiñan as estruturas pero faltaba a comercialización. A superficie que se traballa é insuficiente para a cooperativa, co que algúns invernadoiros baleiros reconvertéronse a horta.

Producen tomate, feixón, grelo, nabiza, repolo, coliflor e pemento Morrón.

Hai unha produción media e a comercialización realízase fundamentalmente a través do mercado de A Coruña - que é un centro de distribución para tendas pequenas- e un maiorista de Lugo.

A pesar de usar soamente fitosanitario de síntese na leituga, vén dificultade e pouca rendibilidade no sector ecolóxico.

 <https://agroflor.es>

5.2 OUTRAS

- ▶ Sindicato Labrego Galego
- ▶ Unións Agrarias
- ▶ Oficinas Comarcais Agrarias
- ▶ Unión de Cooperativas Agrarias de Ferrol
- ▶ Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol

5.3 ALGUNHAS INICIATIVAS PRIVADAS DE INTERESE

Existe unha [guía de produtores agroecolóxicos](#) que representan a forza viva da produción ecolóxica nas comarcas do ámbito de Seitura 22 e un listado de produtores do CRAEGA (ver Anexo II).

 <https://www.seitura22.gal/guia-de-productores-eume-ferrolterra-ortegal/>

- ▶ **AmoreLeite**. A gandaría Roidiz abre unha marca de explotación leiteira ecolóxica en As Pontes. [Nova e nova](#)

- ▶ **Explotación Horticina** de Bio Fruit Farmers, en Cerdido. Explotación de arandos, que tras incorporarse a **Biofruit Farmers**, engadirán tamén kiwi e farán transformación. **Nova**
- ▶ **Gelos Valxestoso** S. C. L.
- ▶ **Coto micolóxico de Forgoselo**
- ▶ **Covas Vexetal** queren investir para un centro de manipulación de horta e certo grao de transformación
- ▶ **Casa Alexo**



6. PERCEPCIÓN DOS DISTINTOS ELOS DA CADEA ALIMENTARIA EN PROL DUN SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL

A través de dúas reunións co sector agroalimentario e entrevistas individuais, recóllense algunhas percepcións sobre a problemática e a potencialidade do sector agroalimentario.

É importante insistir que a pesar de estar recollidas como afirmacións, estas responden a visións subxectivas do sector entrevistado, non a visións obxectivas da autoría.

6.1 ALGUNHAS PERCEPCIÓNS XERAIS E DAFOS XERAIS PARTICIPADAS

Existe unha percepción de que hai unha grande problemática na cuestión agroalimentaria local, xa que o ámbito de actuación é unha zona eminentemente industrial e o campo está abandonado. Hai unha **mentalidade de emprego industrial** tanto por parte da cidadanía como da clase política. Na zona, recórrese ao primario cando hai unha crise. Por exemplo, a pandemia foi unha oportunidade neste sentido. Nos últimos 20 anos houbo moita inestabilidade na entrada e saída de persoas produtoras e considérase que non hai oferta nin demanda para o emprego agrario.

Hai unha crítica aberta aos formatos de axuda para a incorporación, consideradas insuficientes e non ben orientadas.

Hai unha **demanda de flexibilización da normativa nos pequenos produtores**, que se senten desprotexidos e con demasiada burocracia á que facer fronte.

Non existe unha cultura de boa **planificación económica** no sector, o que supón pouca estabilidade sobre algúns dos **produtos da terra** afirmase que:

- ▶ O máis potente foi a gandaría de leite, onde inda que é un sector en crise, hai moito movemento leiteiro/queixeiro empresarial. Sen embargo, algunhas das **industrias lácteas do Eume** xa non contan con leite local (Ex. Brigantía, traballan en Silleda pero vivén en San Sadurniño).
- ▶ Hai vaca de carne, que estaba máis como complemento familiar, pero que afortunadamente non vai en decrecemento na costa; no interior moita xente mudou a vacún de carne, inda que non son grandes explotacións, xa que a base territorial non o permite. O lobo tamén tense identificado como un factor limitante para ampliar as explotacións -e sinalase que as axudas para prevención de ataques deberían estar abertas todo o ano-. O gando cabalar notou un incremento, posiblemente polas percepcións da PAC para a limpeza de campos. Sinalase a necesidade de respectar a mesa de prezos polos tratantes (non existen medios: sala para despezar, rexistro sanitario, etc.).
- ▶ O avícola artesanal é moi complicado, porque non existen matadoiros. Hai unha norma estatal pero non moi pensada para a realidade galega carente aínda dunha norma propicia.
- ▶ Hai boa mazá en Ortigueira pero véndese a prezos irrisorios a Asturias porque non está moi profesionalizado. Inda que está en fase de ideación u proxecto por parte dun promotor de Cariño para profesionalizar o sector e constituír unha cooperativa de produtores.
- ▶ Os cogomelos poderían ter un grande potencial se non estivese a ameaza permanente de eucaliptización. Desaparecen os piñeiros e con eles o recurso. Dende a administración non hai unha achega seria do recurso micolóxico como elemento de desenvolvemento económico. A hostalaría comeza a incorporar o recurso micolóxico.

Hai certo sector escéptico coa **produción en ecolóxico** considerando que:

- ▶ Non é rendible
- ▶ É demasiado difícil conseguir a certificación
- ▶ O mercado non está preparado
- ▶ Leva moita burocracia asociada
- ▶ Danse moitas trampas na trazabilidade.
- ▶ Receo á forma de manexo e aos tratamentos.

En resumo: “facelo ben” non compensa.

En canto ao **cooperativismo**, dende o sector cooperativo consideran que as cooperativas non teñen boa publicidade pero que é unha figura fundamental aglutinadora.

Hai acordo en que non existen axudas para as cooperativas e isto é unha grande eiva para a súa estabilidade e para o relevo xeracional. Proponse que se avalíe o impacto e a proxección que ten cada cooperativa e se facilite o apoio en proporción. Tamén se pensa que este apoio e implicación non pode quedar a nivel local, senón que a administración autonómica debe actuar.

Tamén se aprecia que no mercado existe desigualdade entre vendas individuais e de cooperativas ao non ter os mesmos controis.

Hai un apunte de cara ao **institucional** e ten que ver coa **cooperación e a necesidade dun traballo en conxunto** para a promoción e o apoio ao agroalimentario local. Saír da visión localista e ir a unha visión máis integral e de territorio. No caso contrario é sumamente difícil e aparentemente incoherente coas necesidades de produción-consumo que hai.

A pesar da lectura un tanto negativa da situación de todo o que ten que ver cunha produción e comercialización de alimentos de proximidade, valórase que segue a haber xente que vive disto e segue a crear postos de traballo. Igualmente, hai unanimidade na oportunidade que representa a **calidade da terra e dos produtos**, inda que non sempre sexan valorados e valorizados como se debería.

6.2 SOBRE O SECTOR PRODUTIVO

A maior preocupación vén derivada da **falta de relevo xeracional**, froito da mala prensa do sector, da precarización e inestabilidade que vive, a falta de estímulos, axudas e a perda de valor e coñecementos véncellados á terra. Hai un grande obstáculo cultural para volver traballar a terra.

Fálase tamén da **falta de profesionalización do pequeno sector** e as derivas de planificación que isto trae e a acumulación de experiencias frustradas.

A segunda grande preocupación que sentese no sector primario é todo o que ten que ver co **acceso á terra**, pois se percibe que:

- ▶ Hai un bloqueo para acceder á terra. Véndese moi cara, hai a crenza por parte das persoas propietarias que ao ser terreo periurbano ten un potencial valor elevadísimo.
- ▶ Hai unha grande eucaliptización, o que convirte en terra forestal moita da terra que foi agrícola. Dáselle máis importancia ao sector forestal que ao agrícola.
- ▶ Debería facerse cumprir a lei e non poder cambiar o uso de agrario a forestal.
- ▶ Solicítase que se respecten as normas de distancia dos eucaliptos (a Xunta delega este control nos Concello e estes non teñen recursos para levalo a cabo)

- ▶ O banco de terras é unha ferramenta con moito potencial pero non está funcionando como debería. Considérase que falta información e tamén incentivos para que a xente poña a disposición as terras no banco.

Finalmente, sobre a sostibilidade social, a posibilidade de xuntarse, facer rede, profundar no apoio mutuo, o intercambio de experiencias e saberes, etc, detéctase moita dificultade debido a unha **cultura individualista** e de certa desconfianza moi arraigada no territorio, a perda de vínculos e a falta de tempo. Asímanse voces pedindo cooperación para afrontar os problemas, pero tamén hai quen aterra na dificultade de facer isto polos motivos sinalados.

6.3 ACOMPAÑAMENTO

De forma xeneralizada apúntase sobre a necesidade formativa de calidade e integral, e non soamente no momento da incorporación senón despois. Unha formación coordinada e que non funcione exclusivamente como píldoras difusas entre entidades.

Fálase da carencia de acompañamento técnico durante un tempo prolongado suficiente tras o inicio da actividade, por parte de técnicos e de outras persoas labregas.

Hai un visión de soidade na actividade agroalimentaria especialmente no ámbito produtivo en canto ao acompañamento, formación, ensaio de prácticas supervisadas e titorizadas. Sinálase como un salto de vertixe iniciar unha actividade produtiva soamente por ter unhas terras.

- ▶ A formación é insuficiente
- ▶ É necesario poder contar con persoas con información de primeira man
- ▶ Son necesarias iniciativas que permitan facer rede
- ▶ Sería necesaria inversión para xestión continuada

6.4 COMERCIALIZACIÓN

Sobre o mercado de horta sinálase que pode facerse ben a través do mercado de Ferrol e tendas, onde cada vez se vénde menos e non absorbe a oferta, ou ben a través dos supermercados para o que non hai superficie produtiva suficiente e que ofrecen condicións que resultan abusivas. .

O equilibrio da oferta e a demanda é o quid desta cuestión, que precisa dun proceso escalado, estudado e planificado nun tempo medio para axustar as ofertas á demanda que pode haber dende diferentes focos (compra por parte de particulares, hostalaría, compra pública...)

En xeral considerase que para ter, por exemplo, un mercado agroecolóxico estable, non habería volume. Habería que replanificar para aumentar a produción. E para aumentar esa produción sería necesario contar cunha canle de compra estable (por exemplo por parte dos ecocomedores) pero deberían existir produtores que poidan garantir un subministro estable, e non o hai. É dicir, serían necesarias mais persoas produtoras, e as que hai, poder aumentar a súa produción.

O sinalado con anterioridade precisiaría “estandarizar” un pouco a calidade, poder filtrar e clasificar, que os produtos teñan un pouco a mesma aparencia o que levar á necesidade dunha nave de acopio.

Algunhas eivas no camiño

Non hai consenso sobre se a demanda de ecolóxico subirá ou descenderá, pero si hai acordo en que...

- ▶ A capacidade do consumidor cada vez é menor e é difícil competir coas grandes superficies en prezos

- ▶ Os mercados de abastos están en grave descenso e os hábitos de consumo mudando rapidamente.
- ▶ Inda que se vai apreciando o local, é difícil competir cos prezos das grandes superficies.
- ▶ Hai necesidade de organizarse para comercializar, pero aínda hai moito descoñecemento
- ▶ A xente produtora non profesional, que o ten como unha actividade complementaria, tira os prezos e faise difícil competir.
- ▶ No CRAEGA os pequenos produtores non deciden, e lévase moito a Gadis e ás grandes superficies.
- ▶ Falta formación en comercialización, en elaborar plans de viabilidade, onde se contemplan os gastos reais, pois obviase o tempo.
- ▶ Hai falta de control do que é local ou ecolóxico respecto ao que non é.
- ▶ A falta dun matadoiro próximo a pesar do que existe en Cantalarrana (planificouse un en As Pontes, pero nunca se chegou a abrir)

Posibles pancas

- ▶ Distribuidoras sociais colectivas a nivel galego > está a dificultade de facer rede
- ▶ Os medios de comunicación social como divulgadores

O detalle das Debilidades-Ameazas-Fortalezas-Oportunidades percibidas recóllense no *Anexo III: DAFOs e NECESIDADES*



7. TRAZANDO CAMIÑOS...

A modo de resumo e de asentamento dun primeiro mapa de posibilidades de traballo, achégase un cadro resumo das necesidades sinaladas polas persoas participantes nos distintos eidos, posibles camiños a trazar para a súa consecución e algunhas ideas concretas.

As ideas con máis forza que podemos extraer son as encamiñadas a:

- ▶ Plans de formación e **acompañamento integral, de calidade, e axustados ás demandas das persoas produtoras.**
- ▶ **Plan de oferta e demanda para a compra pública e de hostalaría.** Proceso escalado, estudado e planificado nun tempo medio para axustar as ofertas á demanda.
- ▶ **Organización de distribución colectiva.**
- ▶ **Reforzo da comunicación:** Campañas de promoción sobre o produto local, os produtores e os espazos de distribución locais de cara ao público xeral e ás propias canles de distribución como o pequeno comercio e a hostalaría e artellar accións derivadas dun proceso participativo.
- ▶ **Acción de conxunto por parte das institucións** e os seus recursos véncellados.

DIFICULTADES	NECESIDADES	PROPOSTAS
NA PRODUCCIÓN		
<p>RELEVO XERACIONAL</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Visión negativa da actividade agraria 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Canle de compra estable 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Campaña de sensibilización sobre o emprendemento agrario, en positivo, para mocidade > buscando un cambio de cultura, véndo as boas oportunidades que o sector ofrece tamén
	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Eficiencia do uso dos recursos de produción para aumentar a rendibilidade ✓ Facilitar o acceso a fondos para persoas emprendedoras 	
<p>ACCESO Á TERRA</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Bloqueo para acceder á terra. Véndese moi cara. ✓ Elevada eucaliptización, o que convirte en terra forestal moita da terra que foi agrícola. Dáse-lle máis importancia ao sector forestal. ✓ Non se cumpre a lei e non poder cambiar o uso de agrario a forestal así como as distancias dos eucaliptos coas terras de produción 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Fomento á adquisición de terras a prezos accesibles para a produción ✓ Intermediación para a concentración de terras > Conectar persoas propietarias con demandantes de terras ✓ Garantías de cumprimento da lei 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Activar Nó Rural en dirección a un proxecto de conexión de propietarias e demandantes de terras como Aterra na Limia

DIFICULTADES	NECESIDADES	PROPOSTAS
<p>ACOMPAÑAMENTO</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Falta de profesionalización do pequeno sector (mala planificación e proxectos frustrados) ✓ A formación é insuficiente 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Formación, asesoramento, orientación e acompañamento integral para a incorporación, relevo e sustento da actividade ✓ Cómpre contar con persoas con información de primeira man 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Espacios Test Agrarios
<p>REDES E COOPERACIÓN</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Son necesarias iniciativas que permitan facer rede ✓ Apoio ás cooperativas de produtores 	
<p>TRANSFORMACIÓN e DIFERENCIACIÓN</p>		
<p>OBRADOR COMPARTIDO_A FUSQUENLLA</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ No territorio non hai sector como para abastecelo. Ademais, a xente que transforma o leva fóra. ✓ Non se fixo un plan de xestión. ✓ Percíbese certa desinformación sobre o itinerario de uso, un mecanismo claro de lista de espera, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Potenciar a transformación no territorio e canalizalo. É fundamental facer un traballo cos excedentes ✓ Apoio directo á Fusquenlla ✓ Un plan de xestión. ✓ Un plan de estruturación interna. ✓ Máis axilidade e frecuencia na formación 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Apoio á Fusquenlla a través de: <ul style="list-style-type: none"> • Asistencia técnica para plan de xestión • Asistencia técnica para plan de gobernanza e estrutura interna • Programa formativo • Programa informativo • Dotación de equipamento do centro (autoclave, envasadora baleiro, abatidor, etiquetadora, utillaxe,...)
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Falta dun matadoiro próximo 		<ul style="list-style-type: none"> ✓ Valorar a viabilidade dun matadoiro móvil para pequenos produtores
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Non se valora a calidade e o valor engadido dos produtos ✓ Hai falta de control do que é local ou ecolóxico respecto ao que non é. ✓ Percepción de excesiva burocracia e dificultade para producir en ecolóxico 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Apoio a certificacións de calidade, IGP, etc ✓ Organismos máis eficaces de control de etiquetado/productos DOP/DGP/ecolóxicos/externos 	

DIFICULTADES**NECESIDADES****PROPOSTAS****COMERCIALIZACIÓN****ESPAZOS FÍSICOS DE DISTRIBUCIÓN**

- ✓ Os hábitos de consumo están mudando rapidamente en canto aos espazos de compra e consumo.
 - ✓ Os mercados de abastos están en grave descenso e debilitados, non absorben a oferta.
 - ✓ O pequeno comercio potencial, parece pouco interesado. Busca prezos baixos e non aprecia a diferenza.
 - ✓ Os grupos de consumo non existen xa. Os que hai están a nivel informal arredor de produtoras.
 - ✓ É difícil competir coas grandes superficies en prezos e volume
- ✓ Campaña de sensibilización e formación para o pequeno comercio e os mercados
 - ✓ Plan de fortalecemento da rede de mercados sedentarios e non sedentarios

ESTRUTURACIÓN DA COMERCIALIZACIÓN

- ✓ Hai necesidade de organizarse para comercializar, pero aínda hai moito descoñecemento.
 - ✓ Falta formación en comercialización, en elaborar plans de viabilidade, onde se contemplan os gastos reais, pois obviase o tempo.
 - ✓ Non existe "quen tire do carro" para unirse, dinamizar e xestionar.
 - ✓ Necesidade de espazos físicos para colectivar
 - ✓ Dependencia de recursos públicos
 - ✓ Dificultade cos frescos
- ✓ Formación en comercialización
 - ✓ Fomento da colaboración entre produtores para mellorar a viabilidade (producción, distribución, transformación, comercialización)
 - ✓ Centralizar compras/vendas
 - ✓ Apoio público para infraestruturas e espacios
 - ✓ Compartir servizos, coñecemento
 - ✓ Estandarización da calidade > nave de aprovisionamento
- ✓ Plan formativo de comercialización particular/en conxunto
 - ✓ Reavivamento de Agroalimentaria a través de
 - ✓ Prover dun local
 - ✓ Contratación dun técnico para a captación de produto e produtores e a comercialización
 - ✓ Un plan de xestión que inclúa
 - Unha boa planificación da oferta vs demanda
 - Recoller a mercancía aos produtores
 - Facer reparto
 - ✓ Distribuidora social colectivas a nivel galego

DIFICULTADES	NECESIDADES	PROPOSTAS
ESPAZOS VIRTUAIS DE DISTRIBUCIÓN (Seitura 22)	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Precisa de comunicación, dunha persoa community manager 	
COMPRA PÚBLICA Ecocomedores <ul style="list-style-type: none"> ✓ Falta de volume e regularidade por parte da produción ✓ Dificultades loxísticas para facer solicitudes e chegar produto ✓ Suba de consumo nos centros en inverno con menos produción ✓ Prezos de menú limitados pola Xunta 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Organización colectiva de produtores ✓ Planificación de oferta e demanda. ✓ Propostas tecnolóxicas para conectar a oferta e demanda adaptadas á situación do territorio de Seitura 22 ✓ Reforzar o ámbito pedagóxico para persoal e alumnado. ✓ Incorporación de cláusulas que dirixan a comprar produto local, e facer seguimento. ✓ Traballar cos caterings. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Plan de formación en coles para todos os actores (profesorado, cociñas, familiar, alumnado, etc)
HOSTALARÍA <ul style="list-style-type: none"> ✓ Dispersión nos pedidos ✓ Difícil acceso á carne. ✓ A dificultade cos cogomelos está nos rexistros sanitarios para o no procesado, non hai provedores en Galicia con esta capacidade. ✓ Non existe unha cultura na hostalaría de ver a rendibilidade e a importancia de investir no local. Mirase a inversión inmediata, a diferenza de prezo inmediata sen ver o atractivo que ten para a clientela este tipo de inversión. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Necesidade de ter unha distribución centralizada para o local (como a que podería proporcionar Agroalimentaria) ✓ Buscar ao cliente. Encaixar con varios perfís e, en base a iso, deseñar os menús e elixir os produtos. ✓ Apoiar na Escola de Hostalaría 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Xornadas para hostalaría, presentando produtos e posibilidades. Proporcionar axudas aos participantes en temas loxísticos, etc.
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Limitación importante pola diferenza de rexistros sanitarios fóra de Galicia. ✓ A xente produtora non profesional, que o ten como unha actividade complementaria, tira os prezos e faise difícil competir. 		

DIFICULTADES	NECESIDADES	PROPOSTAS
CONSUMO		
<ul style="list-style-type: none"> ✓ A capacidade do consumidor cada vez é menor ✓ Hai descoñecemento do ecolóxico e do que supón. 		<ul style="list-style-type: none"> ✓ Promoción de consumo do produto local
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Os hábitos de consumo mudaron 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Fortalecer e adaptar aos novos tempos aos mercados e outras canles de proximidade como o pequeno comercio ✓ Apoiar nos medios de comunicación social como divulgadores ✓ Visibilidade produtores locais 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Plan de promoción e difusión de mercados no ámbito do GDR Seitura ✓ Plan de traballo cos medios de comunicación
COOPERACIÓN E REDES		
	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Aproveitar o potencial do Xeo-parque ✓ Mesa Gastronómica Cidade de Ferrol dentro do proxecto Dieta Ártabra ✓ Cooperación entre Concellos, traballo en conxunto para a promoción e o apoio ao agroalimentario local. 	
DENDE O INSTITUCIONAL		<ul style="list-style-type: none"> ✓ Dentro do Plan de sostibilidade turística en xeparques poderíase véncellar o gastronómico co local. ✓ Traballar coas mesas de traballo permanentes do Xeo-parque ✓ Reactivar a Mesa Gastronómica de Ferrol como espazo de encontro de actores véncellados ao agroalimentario local ✓ Estratexia alimentaria Seitura 22

ANEXO I: SESIÓN DE MENTORING DE TERRALIMENTA

Desenvolveuse a través da aplicación Zoom unha sesión de mentoring con Julia del Valle, de **Germinando S. Coop.** Nunha primeira parte fíxose unha pequena exposición do que existe no territorio en canto ao sector agroalimentario con perspectiva agroecolóxica en base ás preguntas da mentora, centradas na:

- ▶ **Produción:** Destácase que hai certa estrutura a través de Agroalimentaria, Agroflor, A Cortiña, Campo Capela, Forgoselo, Casa do Mel e que o futuro do leite está complicado porque non existe relevo xeracional.
- ▶ **Transformación:** Cítase o obrador compartido que existe dentro do **Centro Comarcal de Desenvolvemento Rural** de Moeche, A Fusquenlla.
- ▶ **Comercialización:** Apórtase que:
 - Se está a facer unha achega sobre todo dende a sensibilización cos colexios
 - Existe un marketplace no seo de Seitura 22 pero que non está sendo demandada por ninguén e que non existe ningunha xestión común.

A devolución dende Germinando céntrase na necesidade de:

- ▶ Identificar axentes aos que poden precisar axuda para comercializar
- ▶ Valorar esa sensación de ter traballado durante moito tempo e revisar:
 - Ata onde queremos chegar?
 - Como é o futuro onde as cousas saíron ben?
 - Que querederíamos que ocorrera en 20 anos? No 2042, que tería pasado?
 - Facer unha identificación por Concello



ANEXO II: DIRECTORIO DE EMPRESAS QUE ELABORAN PRODUCTOS DO CRAEGA

NOME	CONCELLO	TIPO PRODUCTOS
		CERTIFICADOS
López Rico, Víctor Manuel	Capela (A)	ANIMAL
Pena Méndez, Juan Carlos	Cariño	VEXETAL
Sardina Aneiros, Andrés	Cedeira	VEXETAL
Hortición, S.A.	Cerdido	COMERCIALIZADORES
Gómez Santos, Eva Luisa	Cerdido	VEXETAL
Hortición, S.A.	Cerdido	VEXETAL
C.C. Carrefour, S.A. - Ferrol	Ferrol	INDUSTRIAS
Fernández Fernández, Olaia	Ferrol	VEXETAL
Casás Polo, Jaime	Mañón	VEXETAL
Horta do País, S.L.	Miño	COMERCIALIZADORES
Bañobre Lomba, Cristina	Miño	INDUSTRIAS
Horta do País, S.L.	Miño	VEXETAL
Lácteos de Moeche, S.L.	Moeche	INDUSTRIAS
Gandería Lavandeira, S.C.	Moeche	ANIMAL
López Calvo, Soraya	Moeche	VEXETAL
González Pena, Bernardino	Monfero	ANIMAL
Martínez Francisco, Braís	Mugardos	VEXETAL
Matadero Industrial Cantallarrana, S.L.	Narón	INDUSTRIAS
Blanco García, Eva María	Narón	ANIMAL
Agronuquel, S.L.	Neda	INDUSTRIAS
Agronuquel, S.L.	Neda	VEXETAL
Iglesias Basanta, Leticia	Neda	VEXETAL
Conservas Mar de Ardora, S.L.	Ortigueira	INDUSTRIAS
Conservas Mar de Ardora, S.L.	Ortigueira	ALGAS
Caruncho Rodríguez, M ^a Soledad	Ortigueira	ANIMAL
Baamonde Montes, Helio	Ortigueira	VEXETAL
Doce Novo, Borja	Ortigueira	VEXETAL
Fojón Caruncho, José Enrique	Ortigueira	VEXETAL
Leche Celta, S.L.U.	Pontedeume	INDUSTRIAS
Corral Bellas, Rafael	Pontes de García Rodríguez (As)	INDUSTRIAS
Corral Bellas, Rafael	Pontes de García Rodríguez (As)	APICULTURA
Beiteiras, T.C.	Pontes de García Rodríguez (As)	ANIMAL
Fernández López, Santos	Pontes de García Rodríguez (As)	ANIMAL
Ganadería Roidíz, S.C	Pontes de García Rodríguez (As)	ANIMAL
Meijer, Michiel	Pontes de García Rodríguez (As)	ANIMAL
Ramil Pajón, Juan	Pontes de García Rodríguez (As)	ANIMAL
Teijeiro González, Sandra	Pontes de García Rodríguez (As)	ANIMAL
Beiteiras, T.C.	Pontes de García Rodríguez (As)	VEXETAL
Corral Bellas, Rafael	Pontes de García Rodríguez (As)	VEXETAL
Meijer, Michiel	Pontes de García Rodríguez (As)	VEXETAL
Productos Ecológicos Maruxas, S.L.	San Sadurniño	INDUSTRIAS
S.A.T 4378 Panda	San Sadurniño	ANIMAL
García Villaverde, Xosé María	San Sadurniño	VEXETAL
Varela Romero, Iago	San Sadurniño	VEXETAL
Alonso López, José Ángel	Valdoviño	ANIMAL
López López, Beatriz	Valdoviño	ANIMAL
Biohorta Horta Ecolóxica de Galicia, S.C.	Valdoviño	VEXETAL
Regueiro Varela, Luis Vicente	Vilarmaior	VEXETAL

ANEXO III: DAFOS

	DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
ESTADO DO MEDIO (Prácticas, usos, medidas preventivas do deterioro, reciclaxe, etc.)	<p>Acceso base territorial</p> <p>Eucaliptización</p> <p>Ausencia de políticas específicas para reciclado (falta medio específico)</p> <p>Deterioro, ruptura do vínculo horta-gando-monte</p> <p>Ruptura ciclo materia orgánica e auga (manexos tradicionais)</p>	<p>Grupos de presión</p> <p>Empobrecemento da sociedade</p> <p>Cambio climático</p> <p>Pouco compromiso das administración con competencias en desenvolvemento rural</p> <p>Eucaliptización</p>	<p>Núcleos urbanos cercanos</p> <p>Capacidade de recuperación</p> <p>Non todo está perdido</p> <p>Volta ao rural como expectativa/calidade de vida</p>	<p>Colapso enerxético</p> <p>Transición (agro) ecolóxica</p> <p>Apoio á produción ecolóxica</p>



	DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
PRODUCCIÓN (Acceso á terra, formación, acompañamento, asesoramento, etc.)	<p>Burocracia</p> <p>Altos custes de produción</p> <p>Baixa rendibilidade ás explotacións</p> <p>Inestabilidade</p> <p>Minifundismo</p> <p>Abandono de terras produtivas</p> <p>Falta de penalización polo abandono de terras</p> <p>Custo da terra</p> <p>Non se vénde a terra, soamente se aluga</p> <p>Desinformación sobre o banco de terras</p> <p>Conflicto intereses eucalipto-produción agroecolóxica</p> <p>Falta de profesionalidade dos pequenos produtores</p> <p>Sector pequeno, maltratado, ignorado</p> <p>Percepción negativa do traballo</p> <p>Dificultade de acceso e relevo</p> <p>Falta de base territorial (SAU)</p> <p>Falta produto/xénero</p> <p>Animais salvaxes</p>	<p>Burocracia da administración</p> <p>Prezos de insumos á alza</p> <p>Mala ordenación do territorio</p> <p>Emprendementos sen posibilidades de producir e crecer</p> <p>Perda de superficie agraria por forestación e artificiación</p> <p>Agricultura industrial foránea</p> <p>Especies invasoras</p> <p>Ausencia de profesionalización/perda de valor da actividade artesá a favor da industrialización masiva</p> <p>Crise enerxética, crise ecolóxica</p>	<p>Bo clima</p> <p>Fertilidade do territorio</p> <p>Calidade</p> <p>Territorio con potencial</p> <p>Iniciativas que resisten</p> <p>Coñecemento vivo</p> <p>Dispoñibilidade do territorio (para locais, non de fóra, ollo)</p>	<p>Creación de emprego</p> <p>Transición (agro) ecolóxica</p> <p>Normativa orientada á agroecoloxía</p> <p>Apoio do GDR para empezar (axudas aprox. do 50%)</p>

	DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
TRANSFORMACIÓN/VALOR EN- GADIDO E COMERCIALIZACIÓN	Altos custos	Burocracia da administración	Materia prima	Encarecemento do transporte forzará o consumo de produtos locais
Infraestructuras	Pouco apoio da administración	Falta relevo	A demanda é superior á oferta (agrario)	Aproveitar nichos de mercado
Formación, acompañamento, asesoramento	Sensibilización > comercio local, campañas informativas, apoio institucional	Especulación nos prezos dos produtos	Relación máis persoal <> mellor coñecemento do medio	Maior flexibilidade na oferta
Canles curtas (mercados, venda directa, grupos de consumo, etc.)	Non se valora a calidade do produto (non compensa economicamente producir produtos de calidade)	Grandes superficies/modelo industrial	Etiquetado sin E > máis calidade, mellor percepción do consumidor polo produto > maior confianza	Moda de consumir local (km 0) e eco
Identificación e posicionamento (etiquetado, comunicación, etc.)	Pouca capacidade para comercializar fóra das comunidades	Maior dependencia do negocio das persoas artesanais	Ser moi positivo e con ganas de traballar	Boa aceptación dos produtos da zona
	Menor capacidade de negociación con axentes de maior volume	Morte lenta dos poucos mercados	Certa independencia de comercialización	A Fusquenlla
	Pouca superficie para competir, ter as nosas infraestructuras	Cambio das tendencias de consumo		Vacío na diversificación de lácteos
	Pouco asociacionismo, cooperativismo			
	Falta de posicionamento corporativo			

	DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
CONSUMO Formación, sensibilización, perfís de persoas consumidoras, cultura, etc.	Impulso institucional Alimentación secundaria nas prioridades de gasto Concienciación social Identificación consumo responsable/ Alta capacidade económica Falta información	Gran distribución Gran superficie Guerra de prezos Crise	Produto de calidade/proximidade Maior conciencia do consumo de produtos locais, de proximidade	Produto de supermercado caro Ampliación clientela Entidade de comercialización conxunta de pequenas producións Produtos locais en comedores comunitarios (escolas, xeriátricos...etc) A Fusquenlla
REDES DE COOPERACIÓN e SOSTIBILIDADE SOCIAL (asociacionismo, redes de apoio mutuo, transferencia de coñecementos, relevo xeracional, cultura, etc.)	Falta persoal Non hai xente nova Falta relevo xeracional>falta xente que queira probar. Ausencia de motivación para as novas xeracións/ incentivos insuficientes Hai unha única percepción do traballo, de moita dureza. Infravaloración do campo Perda de coñecementos Chega xente sen coñecementos Cultura individualista Perda de vínculos Falta de tempo Falta asociacionismo	Urbanización cultural Hai que baixar o prezo ao xuntarse	Posibilidade de crecemento e diversificación	Entidades que veñan da creación de obrador colaborativo (Fusquenlla)

NECESIDADES IDENTIFICADAS POLAS PARTICIPANTES

EN CANTO Á PRODUCCIÓN

- ▶ Visibilidade produtores locais
- ▶ Promoción de consumo do produto local
- ▶ Promoción e difusión de mercados no ámbito do GDR Seitura
- ▶ Fomento á adquisición de terras a prezos accesibles para a produción
- ▶ Eficiencia do uso dos recursos de produción para aumentar a rendibilidade
- ▶ Campaña de sensibilización sobre o emprendemento agrario, en positivo, para mocidade>buscando un cambio de cultura, véndo as boas oportunidades que o sector ofrece tamén
- ▶ Intermediación para a concentración de terras.

ACOMPAÑAMENTO

- ▶ Formación, orientación e acompañamento para a incorporación e relevo
- ▶ Formación técnica de produtores
- ▶ Inversión en asesoramento técnico e acompañamento empresarial de produtores
- ▶ Fomento da transferencia de coñecemento aos produtores
- ▶ Equipos de apoio ao emprendemento: apoio financeiro, apoio técnico e banco de terras
- ▶ Facilitar o acceso a fondos para persoas emprendedoras
- ▶ Asesoramento a novas iniciativas
- ▶ Acompañamento no emprendemento (tempo de adaptación, formación práctica, etc.)

TRANSFORMACIÓN

- ▶ Apoio directo á Fusquenlla
- ▶ Apoio á transformación, distribución e comercialización (mercado local, vénda directa, comedores, grupos de consumo)

DIFERENCIACIÓN

- ▶ Apoio a certificacións de calidade, IGP...etc
- ▶ Organismos máis eficaces de control de etiquetado/productos DOP/DGP/ecolóxicos/externos

LOXÍSTICA

- ▶ Fomento da colaboración entre produtores para mellorar a viabilidade (produción, distribución, transformación, comercialización)
- ▶ Compartir servizos, coñecemento
- ▶ Centralizar compras/véndas





seitura 
FERROL · EUME · ORTEGAL · MIÑO · VILARMAIOR

Fundación **entretantos** 